



# REFRÁNS DO CALENDARIO. O GALEGO NO SEU CONTEXTO ROMANCE

**José Enrique Gargallo Gil**  
Universitat de Barcelona

*Tres xoves hai no ano / que rebrillan máis có sol:  
/ xoves santo, Corpus Cristi / e o día da Ascensión*

*40 anos despois de chegarmos a Barcelona,  
para a miña nai*

Os refráns galegos do calendario participan dunha esencial “romanidade”, unha entidade e un espírito romances na percepción do mundo circundante, nas supersticións e crenzas, na vida tradicional, nos diversos eidos da cultura popular.

Escribo en tempo de segas, a poucos días de San Xoán. E quero lembrarme daquel refrán galego que reza: **En san Xoán, a fouce na man.**<sup>1</sup> Como esta paremia, que tomo do *DNG* (s.v. *Xoán*), as que conforman a presente mostra van, sen excepción, acompañadas das respectivas fontes de referencia. Segue a cada testemuño do galego o de diversos refráns romances. No caso do exemplo precedente, dan amparo ó refrán galego estoutros dous, catalán e occitano.

cat. *Per sant Joan de juny, la fauç al puny* (Sanchis 1951: 98).  
oc. *A sant Jan[,] la faus à la man* (Mistral, s.v. *faus*).

Como se comproba nestes dous casos, precede a cada refrán a indicación da lingua o variedade románica á que pertence, en forma abreviada (véxase a relación final de abreviaturas, coas súas equivalencias). Respeto en xeral a transcripción das fontes citadas. Así, maiúsculas ou minúsculas iniciais. Só excepcionalmente me concedo algunha leve adaptación, como a de

---

<sup>1</sup> Posiblemente San Xoán se refire, non ó día (24) do mes de xuño, senón ó propio mes de xuño. A notable afinidade formal entre os continuadores romances dos étimos latinos JUNIU e JULIU terá propiciado a renovación léxica para os nomes de ámbolos dous meses en diversas áreas da Romanía. Véxase a este propósito o estudio de Dámaso Alonso (1944-1945).

engadir entre corchetes signos de puntuación [coma, punto e coma]. Mostra diso é o refrán occitano, no que marco deste xeito a partición que Mistral ofrece de maneira versificada en dúas liñas.

Agrupo refráns por afinidades temáticas e formais. En primeiro lugar, en cursiva e destacado en negrita, o patrón galego. A continuación, en cursiva pero sen negrita, os seus homólogos romances, ordenados segundo un criterio xeográfico aproximativo, de norte a sur, de oeste a leste. De tal *continuum* romance europeo exclúo o romanés, pois o conxunto dos seus refráns do calendario non participa da xeral comunidade cultural do resto da Europa románica. Con esta salvedade romana, na miña colleita teñen cabida tanto as linguas de maior peso ou prestixio da Romanía (pola súa implantación estatal, pola tradición literaria ou por outras razóns) como os romances máis modestos ou locais (variedades e falares de todo tipo e condición).

A seguinte escolma cronolóxica e temática está repartida en doce apartados que representan outros tantos espazos de tempo anuais. Algúns deles, subdivididos en subapartados. Moitos dos correspondentes epígrafes (e subepígrafes), e máis ocasionalmente determinados refráns, conteñen chamadas numéricas a notas a rodapé. Notas que glosan aspectos diversos da colleita, e traspasan así o protagonismo do corpo textual ós refráns. A miña achega procede do *Calendario romance de refranes* que Miguel Correas e máis eu temos elaborado nos últimos anos (Correas/Gargallo 2003). Quero agradecerlle a Miguel a súa xenerosidade ó deixarme beber máis unha vez no manantial romance do noso *Calendario*, así como a paciencia e a dilixencia en ler este traballo, e as súas valiosas suxestións. Quero regalar estes doce feixes de refráns (peñor do mes de San Xoán) á miña nai, agora que están a piques de cumprirse 40 anos de chegarmos a Barcelona.

## 1. Xaneiro. Rexeneración do tempo, medrar do día

### 1.1. Xaneiro asoma<sup>2</sup>

**gal.** *Por santa Comba, xaneiro asoma* (DNG, s.v. *Comba*). *Noite de santa Comba, na que xaneiro amosa* (ibídem).

cast. *Por San Silvestre y Santa Coloma, el mes de enero asoma* (Martínez Kleiser 1945: 304). *San Silvestre y Santa Coloma, cuando el mes de enero asoma* (Correas 2000 [1627]: 723).

cat. *Per San Silvestre y Santa Coloma, el gener ja torna* (Amades 1951: 1010).

### 1.2. Vai traballando máis o obreiro

**gal.** *Obreiro en Xaneiro, pan te comerá e obra non fará* (Carré Aldao 1926, 35: 8).

*Agora que entrou Xaneiro, podes meter obreiro* (Carré Aldao 1926, 35: 13).

port. *Obreiro em Janeiro, pão te comerá mas obra te fará* (Carrusca 1976: 205).

<sup>2</sup> San Silvestre e Santa Comba celébranse o 31 de decembro. Como un Xano bifronte, xaneiro mira cara ó pasado e cara o tempo vindeiro.

## 2. A Candeloria, 2 de febreiro.<sup>3</sup> A medio inverno, predicción meteorolóxica de cara ó outro medio

### 2.1. Inverno fóra, inverno dentro

gal. *Día da Candeloria, inverno fora. Se chove ou venta, aínda entra* (DNG, s.v. Candeloria).

cast. *El día de la Candelora, que llueva que no llueva, invierno fora; y si llueve y hace viento, invierno dentro* (Martínez Kleiser 1945: 85).

it. *Per la Santa Candelora, dell'inverno siamo fora, ma se piove o tira vento, dell'inverno siamo dentro* (Schwamental/Straniero 1993<sup>2</sup>: 394).

lomb. *Per la Madóna dèla Serìöla[,] dè l'invèrno sòm föra, ma sè piöf e tira vènt[,] per quaranta dé sòm amò dènt* (Fappani/Turelli 1984: 176). *A la Madonna de la Zerìoeula[,] de l'inverna semm foeura, ma se sorta ven, ghe semm denter pussee ben* (Santoro 1966: 43).

vén. *A la Candelòra de l'inverno sémo föra, ma se pióe o tira vento, de l'inverno sémo dréto* (Rama 1994: 102).

### 2.2. A metade do inverno por pasar

gal. *Que a Candeloria chore, que deixe de chorar, metà do inverno está por pasar* (DNG, s.v. Candeloria).

port. *Quando a Candelaria chora[,] a metade do inverno vai fora; que chore, que deixe de chorar[,] a metade do inverno está por pasar* (Castañón 1962a: 72).

ast. *Cua[n]du la Candela lloira, l'inviernu va fuera; que llore, que dexe de llorar, la metade l'inviernu tá por pasar* (Sánchez/Cañedo 1986: 128).

cast. *Que la Candelaria plore o deje de plorar, la mitad del invierno queda por pasar* (Martínez Kleiser 1945: 85).

cat. *Quan la Candeleria plora, el fred és fora; quan la Candeleria riu, el fred és viu; però tant si riu com si plora, mig hivern fora* (Amades 1951: 967).

oc. gasc. *Si la Candelère noû ploure, l'ibèr que demoure. Plourà ou noû plourà, quaranta dies d'ibèr que y aberà* (Palay, s.v. Candelère).

oc. aran. *S'era Candelèra non plore[,] er iuèrn que demore. Plorar o non plorar, quaranta dies d'iuèrn que i aurà* (CNLVA 1992: 17).

lomb. Sui. *A la Madòna Canderòra, de mezz'invern sem föra* (Schwamental/Straniero 1993<sup>2</sup>: 31).

<sup>3</sup> *Candeloria*, como o castelán *Candelaria/Candeleria*, o catalán *Candeleria*, o italiano *Candelora*, o francés *Chandeleur/Chandeleuse*, e outras variantes romances, deriva do lat. CANDELA 'candea', polo simbolismo da festa cristiá das candeas, a presentación do Neno conmemorada no noso calendario 40 días despois do Nadal (Olivar 1999: 49-50). Cómpre salientar a denominación lombarda de *Seriöla/Zerìoeula* (2.1), representante dun tipo léxico ben estendido pola Italia setentrional, continuador do lat. CEREOLA. Deste étimo procede tamén o castelán *ciruela* 'ameixa', pero, mentres o froito basea o seu semantismo na cor da cera, a *Seriöla* da Italia setentrional tense feito da "materia" etimolóxica, literalmente 'de cera', da cera das candeas da Candeloria. Sobre as designacións, non só romances senón tamén europeas, da Candeloria remito a Tagliavini (1963: 195-199).

### 3. San Matías, 24 de febreiro. Igualan as noites ós días<sup>4</sup>

- gal. *Polo san Matías igualan as noites ós días* (DNG, s.v. *Matías*).  
 port. *Por S. Matias, noites iguais aos dias* (Carrusca 1976: 212).  
 ast. *Por San Matíes, son les nueches iguales a los días* (Sánchez/Cañedo 1986: 134).  
 cast. *Por San Matías, igualan las noches con los días* (Correas 2000 [1627]: 654).  
 cat. *Per sant Maties, igual són les nits que els dies* (Sanchis 1951: 45).

### 4. Marzo, iguarzo<sup>5</sup>

- gal. *En Marzo, iguarzo* (Carré Aldao 1936, 26: 14). *Marzo, igualarzo* (Rodríguez 1990: 63).  
 port. *Março iguarço* (Carrusca 1976: 214). *Março igualaço* (Cortes-Rodrigues 1982: 293).  
 cast. *Marzo, igual/parejazo* (Rodríguez Marín 1896: 59).  
 it. *Marzo marzotto, il giorno è lungo come la notte* (Schwamental/Straniero 1993<sup>2</sup>: 295).  
 lomb. *Marz marzott, l'è inguaa el dì e la nott* (ibídem).  
 lomb. Sui. *Marz, marzott, l'è tant lungh el dì cumè la nott* (ibídem).  
 emil. *Marz e marzot tent il dì come la not* (ibídem).  
 marq. *Marz e marzott, tant el dì e tant la nott* (ibídem).

### 5. Marzo e o conto dos días prestados<sup>6</sup>

- gal. [Dixo unha vella:] *“Vaite Febreiriño corto, c’os teus días vintaoito, que se tiveras mais catro non quedaba can nin gato”*. [Contestoulle Febreiro anoxado:] *“Os teus becერიños oito, deixa que o meu irmán Marzo hache de os volver en catro”* (Carré Aldao 1926, 36: 14).  
 ast. [Dixo unha vella:] *“¡Ay, Febrerín, Febrerín!, por muy malu que seas, yes muy piquiñín”*. [E contestoulle Febreiro:] *“¡Ay, vieya, vieya!, con ventiocho dis que tengo y cuatro que me presta mió amigo Marzu, tengo que facete retorcer bien el rabu”* (Castañón 1962b: 412).

<sup>4</sup> A raíz da reforma do calendario romano xeral de 1969/1979 (Olivar 1999), a celebración de San Matías foi trasladada ó 14 de maio. A percepción do 24 de febreiro de antes de 1582 (ano da reforma gregoriana; v. a nota 16) sería máis próxima ó equinoccio. No mesmo ano da reforma, pola que se suprimiron dez días do calendario, o 24 de febreiro tería tido tanta luz diurna como o 6 de marzo da actualidade. Esa percepción arraiana ó solsticio, o anhelado de luz, e máis a rima do (haxio)antropónimo *Matías* co tipo léxico *día* (en plural) favoreceu sen dúbida a xestación dos cinco xémeos da seguinte mostra.

<sup>5</sup> No primeiro grupo (iberorromance) deste apartado danse diversas formacions derivadas ad hoc ó servizo da rima. A saber, *iguarzo* e *igualarzo*, *iguarço* e *igualaço*, *parejazo*. Do mesmo xeito que *marzot(t)* no segundo grupo. O primeiro refrán deste, o do italiano común, presenta unha forma *marzotto* que non rima con *notte*. Ten todo o aspecto de ser un calco paremiográfico a partir dos seguintes, de diversas variedades italo-románicas. E máis se temos en conta que todos eles están rexistrados na mesma fonte.

<sup>6</sup> Días prestados por marzo a febreiro, como na mostra deste apartado. Ou de abril a marzo. Ás veces tamén de febreiro a xaneiro. Días cos que un mes dos primeiros do ano, do inverno camiño da primavera, responde ó reto do home, representado por un pastor ou unha vella, recuando o frío, poñendo en perigo a vida do gando, mesmo a do propio home. Sobre a ancestral e moi estendida fábula dos días prestados e o diálogo entre o ser humano e a natureza (o tempo meteorolóxico, os meses), consúltese Pedrosa (1995).

- cast. [Dixo o pastor:] “—*Allá vayas, febrero el corto, con tus días veintiocho; mal has burlado mi ganado*”. “—*Acá queda mi hermano marzo que si vuelve el rabo, no deja pastor enzaramado [sic], ni cordero encencerrado*” (Pejenaute 1999: 153).
- oc. [Dixo a “Vella”:] *Adiéu, Febrié! Ta febrerado[,] noun m’a fa pèu nimai pelado* [replicou febreiro anoxado:] *Mars, presto-me tres jour, e tres que n’ai, de pèn e de pelado ié farai* (Mistral, s.v. *vièio*).
- marq. *Disse febbraio a marzo —m’imprestarisci un di?—[.] Rispose marzo —un cacchiu! ti voglio vedé morì—* (Antoni/Lapucci 1993: 73).

## 6. Maio hortelán<sup>7</sup>

- gal. *Mayo ortelan, moita palla e pouco gran* (Carré Aldao 1926, 36, 15).
- port. *Maio hortelão muita palha e pouco grão* (Carrusca 1976: 227).
- cast. *Mayo hortelano, mucha paja y poco grano* (Martínez Kleiser 1945: 250).
- cat. *Maig hortolà, palla i poc gra* (Sanchis 1951: 81).
- fr. *Mai jardinier ne comble pas le grenier* (Montreynaud/Pierron/Suzzoni 1994: 231).
- it. *Maggio ortolano, molta / assai paglia e poco grano* (Schwamental/Straniero 1993<sup>2</sup>: 288). Con leves variantes en media ducia de modalidades itallorromances.
- friul. *Mai ortolan, tante pae e pôc gran* (Nazzi 1999: 175).

## 7. Once de xuño. ¿O sol máis alto? ¿O día máis longo?<sup>8</sup>

### 7.1. San Bernabeu, o sol no máis alto do ceu<sup>9</sup>

- gal. *Día de san Bernabeu, está o sol no máis alto do ceu* (DNG, s.v. *Bernabeu*).
- cast. *El día de San Bernabé, dijo el sol: «Hasta aquí llegué»* (Martínez Kleiser 1945: 257). *San Bernabé dijo al sol: «Aquí estaré y de aquí no pasaré»* (ibídem). *San Bernabé, dijo el sol: «Aquí estaré, y de aquí no pasaré»* (Correas 2000 [1627]: 721). *Dijo al sol San Bernabé: «Más no me levantaré»* (Martínez Kleiser 1945: 258).
- cat. *El sol va dir a Sant Bernabé: “Més no m’alçaré”* (Amades 1951: 982).

<sup>7</sup> Glosa Rodríguez Marín (1896: 96) a propósito do terceiro refrón deste grupo: “*Mayo hortelano* es el muy lluvioso; llámanlo así, porque están los terrenos regados como si fueran de huerta”.

<sup>8</sup> A percepción do 11 de xuño, San Bernabeu, como día solsticial ten que ser da época inmediatamente previa á corrección gregoriana do calendario, de 1582, pola que se suprimiron dez días (v. a nota 16). Os habitantes da Romanía do “Cinquecento” debían ver o 11 de xuño tal como nós vemos actualmente o 21. Cf. os seguintes refróns galegos, que só poden ser de creación posterior a devandita reforma: **San Xoán vinteún, longueirón como ningún** (DNG, s.v. *Xoán*). **Vinteún de san Xoán, os días máis longos do an** (ibídem). Nos dous casos *San Xoán* refírese claramente ó mes de xuno (v. a nota 1).

<sup>9</sup> Sobre a altura e proxección do sol no calendario romance de refróns, véxase Correas/Gargallo (2002). En relación con este subapartado 7.1, compre salientar a forma dialogada dos refróns casteláns e do catalán. Nuns toma a palabra San Bernabéu. Noutros, o sol.

## 7.2. O día ,áis grande, o ,áis longo<sup>10</sup>

fr. *Le plus grand jour de l'été, c'est le jour de Saint-Barnabé* (Montreynaud/Pierron/Suzzoni 1994: 243).

it. *Per San Barnabà il più lungo della 'stà* (Antoni/Lapucci 1993: 160).

vén. *Par San Barnabà, el dí pi lóngo de l'istà* (Rama 1994: 111).

## 8. San Xoán<sup>11</sup>

### 8.1. San Xoán e Nadal. Solsticios

gal. *Díxolle o Neno a san Xoán: "De ti a min baixarán e de min a ti medrarán"* (DNG, s.v. Xoán). *De san Xoán prás Navidás os días van pra atrás* (ibídem).

cast. *San Juan acorta y el Niño alarga* (Martínez Kleiser 1945: 153).

cat. *Sant Joan l'escurça i el Nen Jesús l'allarga* (Amades 1951: 983).

### 8.2. Chuvia de San Xoán, mal agoiro para o campo

gal. *Chuvia en San Xoán, tolle o viño e non dá pan* (DNG, s.v. Xoán).

port. *Chuva de S. João tira vinho e não dá pão* (Carrusca 1976: 230). *Chuva de S. João talha o vinho e não dá pão* (ibídem).

ast. *El orbayu per San Xuan quita vino /yerba y non da pan* (Castañón 1962a: 121).

cast. *Lluvia en San Juan quita vino y no da pan* (Paremia 1998, 7: 152).

cat. *Pluja de sant Joan, lleva vi i no posa pa* (Sanchis 1951: 97). *Pluja per Sant Joan, resta vi i no dóna pa* (Amades 1951: 984).

## 9. Agosto, crepúsculo fugaz

gal. *En agosto sol posto, non te conozo* (Carré Aldao 1926, 36: 16).<sup>12</sup>

cast. *En agosto, a sol puesto no te conozco* (Martínez Kleiser 1945: 274).

cat. *Per l'agost, a sol post, de seguida és fosc* (Amades 1989, XII: 3).

lomb. *Dè óst apéna zó èl sul, l'è fosc* (Fappani/Turelli 1984: 175).

lomb. Sui. *Vost giò l soo l'è fosc* (Giovannoli 1994: 45).

<sup>10</sup> Aínda que non teña representación galega, coído que paga a pena incluír este subapartado, relativo á máxima duración do día.

<sup>11</sup> A Natividade de San Xoán Bautista. Data moi relevante no ciclo anual, no folklore, nas crenzas do pobo galego (DNG, s.v. Xoán) e romance. É unha das dúas Natividades do calendario (a outra e o Nadal cristiano). Segundo Olivar (1999: 112): "La [vigilia] de hoy, más profana que religiosa, ofrece un cierto paralelismo con Navidad: san Juan es la Navidad del verano [...]". Por tanto non sorprende a existencia de refráns que relacionan ámbolos dous "Nadales", un e outro fitos solsticiais. Tal como no primeiro refrán do punto 8.1. Agarimoso dialoxismo entre o Neno divino e San Xoán.

<sup>12</sup> Segundo Constantino García (1983: 286-287), esta variante do galego sería o froito dunha reinterpretación (deturpación) a partir do refrán (máis xenuíno): (*En agosto sol posto, noite connosco*). A curta duración do crepúsculo en agosto trae "a noite connosco". *Connosco* tería dado paso a *conozo*. Mentres que *noite*, ó novo contexto sintáctico (e semántico) do remate do refrán: *non te (conozo)*. Neste mesmo apartado 9, o refrán castelán que sigue ó galego parece probable que sexa unha adaptación a partir deste.

## 10. Setembro, pontes e fontes<sup>13</sup>

- gal.** *Setembro ou leva as pontes ou seca as fontes* (Conde 2001: 113).  
 port. [Setembro] *ou seca as fontes ou leva açudes e fontes* (Carrusca 1976: 237).  
 ast. *Setiembre, ou seca las fontes ou tchieva las pontes* (Castañón 1962a: 265).  
 En setiembre o sequen les fontes o marchen les pontes (Sánchez/Cañedo 1986: 131).  
 cast. *Septiembre, o lleva los puentes o seca las fuentes* (Martínez Kleiser 1945: 283).  
 cat. *El setembre s'enduu els ponts o eixuga les fonts* (Amades 1951: 991).  
 oc. *Setembre emporto li pont o bèn agoto li font* (Mistral, s.v. setembre).  
 oc. gasc. *Setémer s'empòrta los ponts o seca las honts* (Armanac 1985: 138).  
 oc. aran. *Seteme o sheque es hònts o s'empòrte es pònts* (CNLVA 1992: 20).  
 fr. *Septembre emporte les ponts ou tarit ['seca'] les fonts* (Cellard/Dubois 1985: 129).<sup>14</sup>  
 it. *Di settembre o porta via i ponti o secca le fonti* (Antoni/Lapucci 1993: 230).

## 11. Veranciño de San Martiño, tres días e un pouquiño<sup>15</sup>

- gal.** *O vrau de san Martiño son tres días e un pouquiño* (DNG, s.v. Martiño). *O veranciño de san Martiño dura o que un can a pasa-lo camiño* (ibídem).  
 cast. *El veranillo de San Martín, dura tres días y ¡fin!* (Pejenaute 1999: 308).  
 cat. *L'estiuet de Sant Martí dura tres jorns i un dematí* (Farnés 1995, IV: 217).  
 fr. *Été de la Saint-Martin dure trois jours et un brin* (Montreynaud/Pieroron/Suzzoni 1994: 266).  
 it. *L'estate di San Martino dura tre giorni e un pochino* (Antoni/Lapucci 1993: 259). *L'estate di San Martino, dura tre giorni e un pocolino* (Schwamenthal/Straniero 1993: 236). *E variantes similares en diversas modalidades italo-románicas*.  
 friul. *L'istadele di San Martìn daspò tre dîs a pò vè fin* (Nazzi 1999: 71).

<sup>13</sup> Fermoso exemplo de solidaridade romance, o deste grupo de refrains, coa axuda da rima entre dous tipos léxicos (*ponte* e *fonte*) amplamente representados na Romanía.

<sup>14</sup> Glosan estes autores: "La version moderne parle de «fontaines»; mais il s'agit plutôt des sources naturelles que des «fontaines» de ville, inconnues dans la campagne." (Cellard/Dubois 1985: 129).

<sup>15</sup> No corazón do outono chegan uns poucos días de "veranciño", alá por San Martiño (11 de novembro), antes da temporada dos fríos de inverno. Este veranciño de outono da pé a unha conocida crenza, á que se refire, no ámbito do galego, o DNG (s.v. *Martiño*): "[...] É sabido que moitos anos cadra a haber uns días de sol sobre o día de san Martiño e, por inxeniosa metáfora, tamén se denominan así os amores dos vellos con mulleres mozas. A tradición di que eses días de bo tempo concédeos Deus en memoria do xesto de ofrecer parte da súa capa a un pobre para torna-lo frío".

## 12. A serie romance de Santa Lucía<sup>16</sup>

### 12.1. O máis pequeno dos días

**gal.** *Santa Lucía, o máis pequeno dos días* (DNG, s.v. *Lucía*).  
**cast.** *Santa Lucía, el más corto de los días* (Martínez Kleiser 1945: 304).  
**it.** *Santa Lucia, il giorno più corto che ci sia* (Schwamental/Straniero 1993: 458). E levísimas variantes en máis de media ducia de modalidades italo-romances.

### 12.2. Mingua a noite e crece o día

**gal.** *Por santa Lucía mingua a noite e crece o día* (DNG, s.v. *Lucía*).  
*Dende a santa Lucía mingua a noite e crece o día* (ibídem).  
**port.** *Depois de Santa Luzia, mingua a noite e cresce o dia* (Cortes-Rodrigues 1982: 191).  
**cast.** *Día de Santa Lucía, mengua la noche y crece el día* (Martínez Kleiser 1945: 305).  
**cat.** *Per santa Lluçia minva la nit i creix lo dia* (Sanchis 1951: 148).

### 12.3. De Santa Lucía en adiante. Cadeas de refráns ou refráns encadeados<sup>17</sup>

**gal.** *Un pouquiño crez o día pola santa Lucía; por san Tomé xa se lle ve; e por san Silvestre a chouto de lebre* (DNG, s.v. *Silvestre*) [San Tomé, 21 de decembro].

**gal.** *Por santa Lucía, pouta de pita; por Nadal, puliño de pardal; por*

<sup>16</sup> É como denomino, desde hai uns cantos anos (así, nos títulos de Gargallo 1998a e 1998b), a serie de refráns referidos ós días crecentes, que teñen en xeral na nosa *Romania continua* o día 13 de decembro como punto de partida. ¿Por que precisamente o 13, día de Santa Lucía? Teño escrito abondo sobre este particular (remito, por exemplo, os dous traballos citados nesta nota, e mais a Gargallo 2002). Limitome aquí ó máis básico. A saber, que o nome LUCIUS/LUCIA evocaba xa na época romana LUX; ou sexa, 'luz'. Que a data de morte da mártir siracusana, o 13 de decembro do 304, serviu despois para a conmemoración de Santa Lucía neste día do último mes do calendario xuliano. Calendario que, co pasar dos séculos, ía acumulando unha anticipación dos ciclos solares, de xeito que en tempo de Dante, a principios do "Trecento", o solsticio de inverno caía xustamente no 13 de decembro (desta época poderían ser os refráns de 12.1). Case tres séculos despois, a finais do XVI, Santa Lucía xa apuntaba luz crecente (de aquí, quizais, os refráns de 12.2). Fito solsticial, símbolo de luz, Santa Lucía constitúe o punto de partida de cadeas de refráns (ou refráns encadeados) que secuencian o medrar do día (cf. a mostra selecta do punto 12.3). Non importa que actualmente o 13 de decembro preceda en máis dunha semana ó solsticio de inverno; que actualmente Santa Lucía non sexa nen o día máis curto, nen o principio do medrío solar. A reforma gregoriana do calendario supuxo a supresión de dez días do ano 1582 (do 4 de outubro pasouse directamente ó 15). O novo día 21 de decembro (do 1582) ofrecía a mesma luz mínima do 11 de decembro do ano precedente. Desde tal reforma, o calendario gregoriano non vai de acordo co que predicán algúns refráns, como os deste apartado ou os do apdo. 7 (de San Bernabeu). Pero mesmo así sobreviven eses refráns. No caso dos de Santa Lucía, sen dúbida, polo simbolismo lumínico da santa, pola forza da luz.

<sup>17</sup> De Santa Lucía en adiante o ciclo anual vai atopando no seu camiño sucesivos fitos que celebran a recuperación solar. Hai refráns que as fontes consultadas poñen en relación cunha data concreta, "instantánea" da luz dese día. Por exemplo, en galego, *Pola santa Lucía, a pata dunha galiña* (DNG, s.v. *Lucía*). Deixo de lado este tipo de testemuños, ós que me teño referido noutras partes (así, en Gargallo 2002: 126, 129-132; baixo os epígrafes respectivos de *Santa Lucía e La estela de los días crecientes*). Ademais, hai refráns que encadean instantáneas do progresivo medrar do día. A esta clase de refráns reservo aquí o espazo (por forza reducido) de tres achegas, galega, castelá e catalana; en representación de dous extremos e do centro da península. Cadeas de refráns, ou refráns encadeados, acompañan a luz crecente, como a ondas do mar, até febreiro (*hasta San Matías, que empareja la noche con el día*; cf. 12.3). Nos meses posteriores, o interés dos refráns do calendario polo medrar do día vai mingando. Pero volve a luz (máxima) por San Xoán. No mes, no día, nos refráns.



*san Estevo, choutiño de coello; e por san Silvestre, correndo coma as lebres* (DNG, s.v. *Lucía*) [San Estevo, 26 de decembro; San Silvestre, 31 de decembro].

gal. *Por santa Lucía crez o día un palmo de pita; por san Xulián, un pulo de ran; por san Antón, un paso de boi; e por san Sebastián, xa ten unha hora máis* (DNG, s.v. *Xián*) [San Xulián, 7 ou 9 de xaneiro, segundo a tradición duns ou outros lugares do ámbito galego (DNG, sv. *Xián*); San Antón, 17 de xaneiro; San Sebastián, 20 de xaneiro].

cast. *Por Santa Lucía, mengua la noche y crece el día un paso de gallina; por Navidad, ya lo echa de ver el harriero en el andar y la vejezuela en el hilar; por los Reyes, bobo, ¿no lo vedes?* (Martínez Kleiser 1945: 135).

cast. *Por San Julián, si lo ves, creció el día un si es no es; por San Antonio, lleva un paso del demonio; por San Blas, tiene una hora más, y tira hasta San Matías, que empareja la noche con el día* (Martínez Kleiser 1945: 131).

cat. *Per santa Llúcia, allarga el dia un pas de puça, per Nadal, un pas ede pardal, per sant Esteve, un pas de llebre, per Ninou, un pas de bou, pels Reis, un pas d'anyell, per sant Antoni, un pas de dimoni* (Conca/Guia 1996: 280) [*Ninou* 'Aninovo'; *Sant Antoni*, 17 de xaneiro].

Relación de abreviaturas correspondentes a linguas e variedades romances, coas respectivas equivalencias: ast. = asturiano; cast. = castelán; cat. = catalán; emil. = emiliano (rexión italiana da Emilia); fr. = francés; friul. = friulano; gal. = galego; it. = italiano; lomb. = lombardo; lomb. Sui. = lombardo de Suiza; marq. = marquesano (rexión italiana das Marcas); oc. = occitano; oc. aran. = occitano aranés; oc. gasc. = occitano gascón; port. = portugués; vén. = véneto.

### **Bibliografía citada**

ALONSO, Dámaso. “«Junio» y «Julio» entre Galicia y Asturias”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* I (1944-45): 429-454.

AMADES, Joan. *Folklore de Catalunya. Cançoner. Cançons – refranys – endevinalles*. Barcelona: Editorial Selecta, S.A, 1951.

— *Costumari Català*. Estella: Cercle de Lectors / Salvat, 1989 [12 vols.].

ANTONI, Anna Maria / LAPUCCI, Carlo. *30 di conta novembre... I proverbi dei mesi*. Milano: Garzanti Editore s.p.a., 1993.

*Armanac* 1985 = Institut Culturau de Gasconha / Société Nouvelle d'Éditions Régionales et de Diffusion. *Armanac Gascon 1985*. Pau: S.N.E.R.D., 1984.

CARRÉ ALDAO, Uxío. “Coleición de refrans de almanaque”. *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 35 e 36 (1926): 6-8 e 13-18 (respectivamente).

- CARRUSCA, Maria de SOUSA (coordenadora). “*Vozes da sabedoria*”. Lisboa: Edição da coordenadora. 1976, vol. III.
- CASTAÑÓN, Luciano. *Refranero asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo / Instituto de Estudios Asturianos (C.S.I.C.), 1962a.
- “Los meses en el refranero asturiano”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares XVIII* (1962b): 395-415.
- CELLARD, Jacques / DUBOIS, Gilbert. *Dictons de la pluie et du beau temps*. Paris: Éditions Belin, 1985.
- CNLVA [Centre de Normalisacion Lingüística dera Val d’Aran]. *Arreperèrris*. Lleida: Pagès Editors, 1992.
- CONCA, Maria / GUIA, Josep. *Els primers reculls de proverbis catalans*. Barcelona: Publicacions de l’Abadia de Montserrat, 1996.
- CONDE TARRÍO, Germán. *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Vigo: Galaxia, 2001.
- CORREAS, Gonzalo. *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*, Edición de Louis Combet. Revisada por Robert James y Maïte Mir-Andreu. Madrid: Editorial Castalia, 2000 [1627].
- CORREAS MARTÍNEZ, Miguel / GARGALLO GIL, José Enrique. “Ya entra el sol por las umbrías. Altura y proyección del sol en el calendario romance de refranes”. *Paremia 11* (2002): 21-30.
- *Calendario romance de refranes*. Barcelona: Edicions de la Universitat de Barcelona, 2003.
- CORTES-RODRIGUES, Armando. *Adagiário popular açoriano*. Angra do Heroísmo / Vila da Maia: Secretaria Regional da Educação e Cultura, 1982.
- DNG = FERRO RUIBAL, Xesús (director). *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo Edicións, 1992.
- FAPPANI, Antonio / TURELLI, Francesco. *Il dialetto bresciano*. Brescia: Ed. «La Voce del Popolo» e «Madre», 1984.
- FARNÉS, Sebastià. *Paremiologia catalana comparada*. Edició a cura de Jaume Vidal Alcover, Magí Sunyer i Josep Lluís Savall, amb la col·laboració de Josep M. Pujol. Barcelona: Columna, 1992-1998 [8 vols.].
- GARCÍA, Constantino. “Creatividad en el habla popular (Refranes gallegos del mes de agosto)”. *Verba 10* (1983): 281-287.
- GARGALLO GIL, José Enrique. “Santa Lucia, la notte più lunga che ci sia: el calendario de refranes (en torno al solsticio de invierno) y la serie romance de Santa Lucía”. *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Centro di studi filologici e linguistici siciliani. Università di Palermo, 18-24 settembre 1995)*. Ed. de Giovanni Ruffino. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 1998a, vol. 5. 357-366.
- “Santa Llúcia al calendari romànic de refranys (i altres menuderies)”. *Butlletí interior de la Societat d’Onomàstica. Antroponímia, Toponímia, Bibliografia LXXIV* (1998b): 3-26.
- “Per Santa Llúcia, un pas de puça. Crecer y decrecer de los días, refranes del calendario, *Romania continua*”. *Estudis Romànics XXIV* (2002): 109-137.
- GIOVANNOLI, Renato. “Il tempo nella saggezza popolare. Antologia di detti e proverbi dialettali del Ticino”. *Quaderni di documentazione 11* (1994). Centro Didattico Cantonale Massagno.

- MARTÍNEZ KLEISER, Luis. *El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes*. Madrid: Librería General de Victoriano Suárez, 1945.
- MISTRAL, Frederic. *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français*, Édition du centenaire sous la direction de V. Tuby. Genève / Paris: Slaktine, Édition de l'Unicorne, 1979 [1878-1886].
- MONTREYNAUD, Florence / PIERRON, Agnès / SUZZONI, François. *Dictionnaire de proverbes et dictons. La sagesse du monde entier*. Paris: Les usuels du Robert. 1994.
- NAZZI, Gianni. *Dizionario dai provierbs*. Udine: Ribis, 1999.
- OLIVAR, Alejandro. *El santoral del calendario*. Barcelona: Centre de Pastoral Litúrgica (Dossiers CPL, 83), 1999.
- PALAY, Simin. *Dictionnaire du béarnais et du gascon modernes (Bassin Aquitain)*. Paris: CNRS, 1961.
- Paremia*, Asociación Cultural Independiente, 1993- (revista de publicación anual), Madrid.
- PEDROSA, José Manuel. “«Si marzo tuerce el rabo, ni pastores ni ganados»: ecología, superstición, mito pagano y culto católico del mes de marzo”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares L* [cuaderno segundo] (1995): 227-293.
- PEJENAUTE GOÑI, Javier María. *Los Refranes del Tiempo de Navarra*. Pamplona: Caja de Ahorros de Navarra, 1999.
- RAMA, Giuseppe. *Proverbi de Verona. “Pillole di saggezza popolare”*. Bussolengo: Edizioni della Libreria di Demetra, 1994.
- RODRÍGUEZ, M. “Refranes Galaico-Bercianos”. *Estudios Bercianos* 13 (1990): 56-63.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco. *Los refranes del almanaque. Recogidos, explicados y concordados con los de varios países [sic] románicos*. Sevilla: Imp. de Francisco de P. Díaz, 1896.
- SÁNCHEZ VICENTE, Xuan Xosé / CAÑEDO VALLE, Jesús. *Mitología. Refraneru asturianu (ordenáu por temas)*. Gijón: I. Norte, 1986.
- SANCHIS GUARNER, Manuel. *Calendari de refranys*. Barcelona: Biblioteca Folklòrica Barcino, 1951.
- SANTORO, Caterina. *Proverbi milanesi*. Milano: Aldo Martello Editore, 1966.
- SCHWAMENTAL, Riccardo / STRANIERO, Michele L. *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: RCS Rizzoli Libri S.p.A., 19932.
- TAGLIAVINI, Carlo. *Storia di parole pagane e cristiane attraverso i tempi*. Brescia: Morcelliana, 1963.

Gargallo Gil, José Enrique. “Refráns do calendario. O galego no seu contexto romance”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

